

## SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos




## O QUE E O PORQUÉ

## Cultivos trampa: unha opción sostible para o control de pragas

Un cultivo trampa é un tipo de planta que se usa para controlar unha praga e afastala do cultivo principal. Trátase dun método tradicional que se utilizou no pasado e que agora se está a recuperar como substituto dos insecticidas porque, entre outros aspectos, non contamina. O funcionamento dos cultivos trampa é diverso e ofrece múltiples posibilidades. Por exemplo, hai cultivos trampa que segregan substancias que atraen a certos insectos, distraéndoo dun cultivo principal. Hai outros cultivos trampa que logran afastar os insectos segregando cheiros que funcionan como repelentes de pragas. Estes dous tipos pódense combinar, por exemplo, empregando plantas entre o cultivo principal que afastan a praga en cuestión,

mentres se empregan outras especies nas beiras que atraen a praga. Tamén existen cultivos trampa que son capaces de reducir as poboacións de pragas mediante diversos mecanismos que inclúen a atracción de predadores das pragas a controlar. Isto inclúe, por exemplo, o control de pragas de nematodos nos cultivos de pataca mediante a especie *Solanum sisymbriifolium*. Esta fai que eclosionen os quistes de nematodos, pero non lles ofrece sustento nin un lugar para poñer os ovos, impedindo que se reproduzan. Por último, tamén existen trampas capaces de reducir a incidencia de certos virus que empregan insectos para propagarse: o virus do mosaico do cogombro pódese combater utilizando como barreira cultivos de sorgo.



1. *Solanum sisymbriifolium*.

## PALABRAS CHAVE

Cultivo trampa, praga, insectos, plantas, *Solanum sisymbriifolium*.

## AUTOR

David Fernández Calviño, Universidad de Vigo (UVigo), Vigo, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.